

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 8 de marzo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día oito de marzo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(202).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2(203).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE. 80626/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 06-03-2013, do xefe da área de Benestar, conformado pola concelleira-delegada de área e máis pola concelleira-delegada de Facenda; vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica do 20-02-13 e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 05-03-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na tramitación do expte de contratación do servizo de teleasistencia

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo de teleasistencia, que contén o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 8 ede febreiro de 2013.

Terceiro.- Aproba-lo gasto de 62.400 euro Ive incluídos, para a contratación do servizo de teleasistencia, que se imputará á partida 2310.2279911 teleasistencia. e súa bolsa de vinculación.

Cuarto.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

3(204).- APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2013-2014. EXPTE. 14825/332.

O presente expediente retirouse da orde do día.

4(205).- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ESCOLA INFANTIL NA RÚA MESTRES GOLDAR Nº 22. EXPTE. 1666/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de xestión da Área de fomento do 19-12-12, conformado polo xefa de área e máis polo concelleiro-delegado da Área de Fomento; vistos así mesmo o informe da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 29 de xaneiro e 26 de febreiro de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto Modificado nº1 do básico e de execución de reforma interior de edificación coma escola infantil na Rúa Mestres Goldar nº22, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

Segundo.- Acordar a modificación do contrato de obras adxudicado á mercantil "XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L." en sesión da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2011 por un importe de 314.999,99 euros, que ten por obxecto a "Reforma interior de edificación para escola infantil Mestres Goldar". A modificación acordada non implica incremento, nin diminución do importe de adxudicación. As obras executaranse conforme co sinalado no Proxecto indicado no apartado anterior.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.